



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL

Edificio Administrativo  
San Caetano, s/n  
15781 Santiago de Compostela  
[www.edu.xunta.es](http://www.edu.xunta.es)

galicia

## Vixésimo primeiro. Chamamentos

Realizada a adxudicación definitiva de destinos provisionais, os chamamentos para realizar substitucións e, se fose o caso, interinidades efectuarase telefonicamente.

Se a persoa interesada non colle a primeira chamada telefónica continuarase coa cobertura das prazas e enviaráselle un correo electrónico e un SMS informándolle desta circunstancia.

Transcorrida unha hora, se segue habendo prazas sen cubrir da súa especialidade, volverá a ser chamado.

As persoas que non atendan esta segunda chamada, ou no suposto de non ser chamados por inexistencia de praza vacante da súa especialidade, volverán a ser chamados no seguinte día que se realicen coberturas de interinidades ou substitucións, pola orde que teñan nese intre na listaxe correspondente, sempre que proceda o chamamento en función do número de prazas da especialidade e do número de orde na listaxe.

As persoas que non atendan o chamamento telefónico este segundo día serán penalizadas durante 7 días naturais contados desde o inmediatamente seguinte ao do último chamamento.

Aquelhas persoas que sexan penalizadas tres veces por non atender os chamamentos telefónicos serán excluídas definitivamente das listas, logo do correspondente trámite de audiencia.

As notificacións das penalizacións e, se fose o caso, das exclusións realizaranse por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, disponible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móvil. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL

Edificio Administrativo  
San Caetano, s/n  
15781 Santiago de Compostela  
[www.edu.xunta.es](http://www.edu.xunta.es)

galicia

As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Disposición transitoria única.

Con carácter excepcional, non será de aplicación a subepígrafe 2 do punto décimo segundo do Acordo do 20 de xuño de 1995, a aquelas persoas interinas e substitutas que consolidaron o posto na lista correspondente e que nos procedementos selectivos convocados pola Orde do 14 de marzo de 2018 e Orde do 21 de febreiro de 2019 fixeron unha instancia na aplicación informática <http://edu.xunta.es/oposiciones> e non a presentaron na sede electrónica da Xunta de Galicia.

ensino